## A súa gastronomía:



A gastronomía de México ten unha *gran variedade* de pratos típicos, por iso foi recoñecida pola **UNESCO** como **Patrimonio Inmaterial da Humanidade**. Estes pratos acostuman ir acompañados de salsas, picantes ou non. Por outro lado, a carne de tenreira e de polo están moi presentes, ao igual que os famosos frixoles e as tortillas.

**-Os tacos**: é o prato máis representativo de México. Son *tortillas* de millo, que se poden encher con distintas carnes, salsas, aliños,...



**-Enchiladas**: son parecidoss aos tacos pero con moito picante, sen cereais e abundante queixo. Pode ir acompañada de carne de polo, pavo ou res; cebola, leituga,...



**-Faxitas**: consiste en tiras de carne asadas xunto cunha gran variedade de verduras: cenorias, pementos,... e acompañados por algunha salsa. Sérvese nunha tortilla de millo que se envolve deixándoa aberta por ambos extremos.



**-Burritos**: similares aos tacos e as faxitas, a diferencia é que inclúen frixoles fritos e a tortilla vai pechada por un dos seus extremos.



**-Totopos**: máis coñecidos como "**nachos**". Trátase de pequenas tortillas de millo fritas de forma triangular. Adoitan servirse con moito queixo e outros ingredientes como chiles, tomate,..



**-Chilaquiles**: é un prato picante feito a base de totopos (anacos de tortilla tostados en forma de triángulo), cubertos con salsa de chile. Pódese mesturar con polo, carne, chourizo, queixo,... Acostuman comelo no almorzo.



**-Quesadillas**: inclúen tortillas de millo e moito queixo, de aí o seu nome. Adoitan votarlle máis ingredientes.



**-Guacamole**: salsa elaborada con aguacate. Os ingredientes máis comúns son: aguacate, cebola, chile verde e unhas gotas de zume de limón. Hai quen tamén lle engade tomate. (*Preparamos guacamole con totopos no apartamento*).



No que a **sobremesas** se refire dicir que o que mellor as define é a palabra “doce”. Aquí tes algúns dos máis coñecidos:

Bicos de Coco



Cacahuetes garrapiñados



Doce de alfeñique



Doce de guaiaba



Palanquetas de cacahuete



Mazás acarameladas



En canto á bebida típica de México… o trago máis coñecido é o **TEQUILA**. Faise de agave, a partir da súa fermentación e destilado.



.

# Guacamole



## Ingredientes:

- 1 aguacate grande maduro ou 2 pequenos
- Sal
- Un tomate cortado en dadiños
- ¼ de cebola ben picada
- Unha cullerada de aceite de oliva
- ½ limón

## Preparación:

1.Pelamos o aguacate e retirámoslle o óso.



2.Nun cunco, xuntamos a pulpa do aguacate, o tomate ben picado e a cebola tamén picadiña.



3. Esmagamos todo cun garfo e mesturamos ben. Engadimos un chisco de sal, a cullerada de aceite e un chorro de zume de limón. Mesturar e remover.



## Acompañamos con totopos!!! E a gozar!!!

"Trouleando polo Mundo" , proxecto da Aula Marrón

Es quen de diferenciar cales son pratos da comida mexicana?...rodéaos.
Pista hai 4 escondidos.





















Xa que estamos a falar de gastronomía. Elabora o que sería o teu menú do día favorito. Cun primeiro prato, un segundo e a sobremesa que non falte!!!
(podes debuxala, empregar recortes,...)









# Atopa os 7 erros





“Trouleando polo Mundo” , proxecto da Aula Marrón

A Pedro encántanlle os tacos, axúdao a chegar a el canto antes...








“Trouleando polo Mundo” , proxecto da Aula Marrón

Estes pementos picantes, os "jalapeños", son esenciais na gastronomía mexicana. Coloréaos.



# Une as metades...



















FICHA Nº NOMBRE________________________________________

| | | | |
|---|---|---|---|
| 557 + 211 | 448 + 541 | 635 + 334 | 717 + 272 |
| 824 + 121 | 438 + 141 | 722 + 276 | 174 + 414 |
| 372 + 326 | 362 + 337 | 265 + 231 | 512 + 166 |
| 257 + 621 | 627 + 352 | 573 + 224 | 387 + 612 |
| 245 + 511 | 854 + 124 | 288 + 611 | 662 + 113 |

Velaquí tes o cartel dun restaurante de comida mexicana de Bilbao... Responde:



-CAL É O NOME DO RESTAURANTE? ______________________________

________________________________________________________________

-CANTOS TACOS PODES COMER POR 5 EUROS? ____________________

E POR 10 EUROS? ___________________________.

-ENTRE QUE TRES TACOS PODES ESCOLLER? ____________________,

_____________________ E ________________________.

-ENTRE QUE DÚAS SALSAS PODES ESCOLLER? __________________ e

____________________________.

-SE PUIDESES ESCOLLER...QUE DOUS TACOS ESCOLLERÍAS TI?

_________________________________ e ______________________________.

-E A SALSA? ________________________________________________

CARMEN E DAVID DECIDEN IR COMER A UN RESTAURANTE MEXICANO... VELAQUÍ OS PREZOS:

## PRATOS


TACOS: 6 €


FAXITAS: 7 €


BURRITOS: 6 €


NACHOS: 5 €


GUACAMOLE: 6 €

## SOBREMESAS


BICOS DE COCO: 4 €


DOCE DE GUAIABA: 4 €


MAZÁ ACARAMELADA: 3 €

## BEBIDAS


AUGA: 1 €


REFRESCOS: 2 €

Piden os seguintes pratos: 1 de guacamole, 2 de nachos, 1 de tacos e 1 de faxitas. De sobremesa... 1 doce de guaiaba e 1 mazá acaramelada. De beber 1 de auga e 1 refresco de cola.

-Canto terán que pagar por todo?

Hai que: sumar / restar

Operación:

Resultado: ________________________________________________

**Se pagan cun billete de 100 € ... canto lles sobrará?**

Hai que: **sumar / restar**

Operación:

Resultado: ________________________________________________